

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – 1º Cuadrimestre 2014

galicia




DEMANDA HOTELEIRA

DEMANDA HOTELEIRA E OCUPACIÓN. Destinos urbanos – 1º Cuadrimestre 2014


	A Coruña	Santiago	Vigo	Lugo	Ourense
VIAXEIROS	93.580	114.061	66.560	31.072	25.937
Var. Int. Viaxeiros	8,8%	-0,9%	-8,1%	-10,0%	-8,4%
PERNOCTACIÓNS	202.965	227.242	120.412	52.103	44.258
Var. Int. Pernoctacións	16,6%	-4,6%	-11,3%	-10,1%	-9,6%
ESTADÍA MEDIA	2,17	1,99	1,81	1,68	1,71
Var. Int. Estadía Media	7,2%	-3,7%	-3,6%	-0,1%	-1,3%
% OCUPACIÓN	33,22%	26,61%	24,85%	24,41%	30,68%
Var. Int. Ocupación	4,23	-2,06	0,81	-2,55	-1,22

Viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros – 1º Cuadrimestre 2014



Santiago de Compostela é unha vez máis o principal destino urbano de Galicia. En termos de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros lidera o ranking a nivel da comunidade autónoma con preto de 115.000 neste primeiro cuadrimestre. A Coruña é a segunda cidade en orde de importancia, con algo máis de 93.500 viaxeiros. Seguen en orde Vigo –con case 67.000- e Lugo e Ourense cun volume menor en termos comparativos –rexistran nestes catro meses 31.000 e 26.000 viaxeiros aloxados, respectivamente-.


Pernoctacións en establecementos hoteleiros – 1º Cuadrimestre 2014



En termos de pernoctacións hoteleiras acontece algo similar se ben as diferenzas estréitanse entre Santiago e A Coruña –ambas superan a barreira das 200.000 se ben Santiago segue marcando a cifra máis elevada con preto de 230.000 nestes catro meses-. A certa distancia sitúase Vigo que neste cuadrimestre rexistra pouco máis de 120.000 pernoctacións hoteleiras. Lugo e Ourense fican cun volume e peso menor no conxunto dos destinos urbanos de Galicia –rexistran neste caso 52.000 e 44.000 pernoctacións respectivamente-.

DEMANDA HOTELEIRA

Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións en establecementos hoteleiros. 1º Cuadr. 2014




En termos dinámicos só a cidade de A Coruña consegue mellorar neste primeiro cuadrimestre as cifras de demanda hoteleira do pasado ano, superando nun 9% o volume de viaxeiros aloxados e nun 17% o nivel de pernoctacións dos primeiros catro meses de 2013. isto permite á cidade herculina gañar peso e representatividade no panorama turístico de Galicia.

Os restantes destinos urbanos presentan caídas de diversa intensidade, sendo inferior en Santiago –onde as pernoctacións descenden un 4,6% neste caso-. Vigo, Lugo e Ourense amosan caídas de maior proporción, do 11% na primeira e do 10% nas dúas últimas.

DEMANDA - MERCADOS


Peso do mercado nacional e internacional, en pernoctacións. 1º Cuadr. 2014



En todas as cidades de Galicia predomina claramente o turismo nacional fronte ao internacional, en porcentaxes variables. Santiago de Compostela é, en todo caso, o destino urbano onde o mercado estranxeiro acada un maior peso representando nestes primeiros catro meses preto do 30% do total da demanda.

En Lugo e Ourense, en cambio, o turismo internacional apenas chega ao 10% do total das pernoctacións hoteleiras.

Var. Int. Pernoctacións Nacionais e Estranxeiros. 1º Cuadrimestre 2014




En termos xerais obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado en cada unha das cidades de Galicia. Ambos melloran os resultados do pasado ano en A Coruña, con incrementos do 18,4% no caso do turismo nacional e do 9% no caso do internacional.

Nas restantes cidades obsérvanse caídas paralelas e de diversa intensidade –agás no caso do turismo estranxeiro en Lugo que se mantén estable–.

O descenso máis notable rexístranse no caso do mercado estranxeiro en Vigo, que cae un 25% en relación ao pasado ano.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. 1º Cuadrimestre 2014



A estadía media nos establecementos hoteleiros varía levemente dunha cidade a outra. Rexístrase o valor máis elevado en A Coruña cun promedio de 2,17 noites neste primeiro cuadrimestre.

En Santiago a cifra sitúase no contorno das dúas noites mentres que nos tres restantes destinos o promedio queda por debaixo xustamente das dúas noites, sendo de 1,8 noites en Vigo e de 1,7 noites en Lugo e Ourense.

Estadía media de ESPAÑOIS e ESTRANXEIROS. 1º Cuadrimestre 2014




A estadía media do viaxeiro español e estranxeiro varía levemente dunha cidade a outra neste período. O valor máis elevado corresponde ao mercado estranxeiro na cidade de A Coruña, que rexistra unha media próxima a 2,6 noites.

Fica por encima das dúas noites o viaxeiro español que fica en A Coruña e Santiago mentres que nas restantes cidades ambos segmentos presentan cifras inferiores, por debaixo das dúas noites.

O valor máis baixo queda da man do viaxeiro estranxeiro de Lugo, que fica unha media de 1,5 noites neste primeiro cuadrimestre do ano.


% Ocupación e Variación Interanual. 1º Cuadrimestre 2014



En termos de ocupación A Coruña é o destino que mellores cifras presenta neste período, cun promedio do 33,2% -porcentaxe que mellora en máis de catro puntos o dato do pasado ano-.

Sobe levemente en Vigo –menos dun punto porcentual- mentres que cae nas tres restantes cidades –algo máis dun punto en Ourense e máis de dous puntos en Santiago e Lugo-. Este último destino é o que presenta a cifra de ocupación máis baixa de todos os considerados, cun 24,4% de media neste cuadrimestre.

Var. Int. Demanda (Pernoitas) e Oferta (Prazas). 1º Cuadrimestre 2014




A mellora dos niveis de ocupación en A Coruña prodúcese como consecuencia do bo comportamento da demanda -as pernoctacións soben un 17%- nun contexto de leve contención da oferta.

En Vigo, en cambio, acontece o contrario. Mellora a ocupación porque a oferta –prazas estimada abertas- cae con maior intensidade que a demanda –un 14% a primeira e un 11% a segunda-.

En Santiago, Lugo e Ourense a caída da ocupación vén da man da demanda, isto é, prodúcese como consecuencia do descenso das pernoctacións en comparación co pasado ano.

Análise en destinos urbanos
A CORUÑA


Evolución da demanda hoteleira na cidade de A CORUÑA. 1º Cuadr. 2005-14



O bo comportamento da demanda hoteleira en A Coruña permite á cidade herculina superar novamente o límite das 200.000 pernoctacións no primeiro cuadrimestre e acadar o nivel máis elevado dos últimos seis anos.

Logo dun período de crecemento lento pero continuado no período 2005-08 A Coruña rexistra unha forte caída en 2009 debido ao primeiro impacto da crise actual. A partir dese momento entra nunha senda de mantemento primeiro e caídas case continuas despois -aínda que non moi intensas en termos porcentuais- que levan a marcar un mínimo histórico xustamente no ano pasado con 174.000 pernoctacións rexistradas no primeiro cuadrimestre.

Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións. A CORUÑA - 1º Cuadr. 2014, por meses




O crecemento da demanda hoteleira neste primeiro cuadrimestre ten un carácter sostido, isto é, prodúcese nos catro primeiros meses do ano con intensidade variable.

En xaneiro e febreiro o incremento sitúase no 26% acadando os niveis de demanda máis elevados dos últimos seis anos. En marzo obsérvase unha pequena suba do 1%, moi baixa en intensidade pero relevante por canto se produce nun contexto de caídas xeneralizadas no conxunto de Galicia e nos restantes destinos da comunidade. En abril, co gallo da celebración da Semana Santa, A Coruña rexistra unha mellora próxima ao 18%.

DEMANDA - MERCADOS

Evolución da demanda nacional e estranxeira en A CORUÑA. 1º Cuadr. 2005-14




Tal como se comentou anteriormente, a mellora dos niveis de demanda hoteleira en A Coruña vén como consecuencia do bo comportamento rexistrado tanto no mercado nacional coma no internacional.

O turismo procedente do propio Estado sobe un 18% e supera o mínimo histórico acadado o pasado ano para situarse en niveis próximos aos do inicio da crise con 167.000 pernoctacións.


O turismo internacional sobe un 9% e marca neste caso un máximo histórico en 2014 con preto de 36.000 pernoctacións nos primeiros catro meses do ano.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. A CORUÑA, 1º Cuadr. 2014



Boa parte do crecemento das pernoctacións hoteleiras en A Coruña vén como consecuencia da mellora da estadía media no destino, isto é, os viaxeiros ficán de media máis tempo nos hotéis e pensións da cidade o que implica maior número de noites. No primeiro cuadrimestre deste 2014 a estadía media sitúase en 2,17 noites, a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia e que supón un máximo histórico na cidade herculina nos primeiros catro meses do ano.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. A CORUÑA, 1º Cuadr. 2014




O crecemento da demanda –do 17% en termos de pernoctacións- prodúcese nun contexto de certa estabilidade da oferta –o número de prazas hoteleiras ofertadas apenas sobe un 1,8%- dando como consecuencia unha notable mellora dos niveis de ocupación.

Neste primeiro cuadrimestre os hoteis e pensións de A Coruña rexistran unha ocupación media do 33,2%, a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia e que se sitúa en niveis próximos aos do inicio da crise en 2009 –superando desta maneira o mínimo histórico acadado no pasado ano 2013 cun promedio do 29%-.

Análise en destinos urbanos
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEMANDA HOTELEIRA


Evolución da demanda hoteleira na cidade de SANTIAGO. 1º Cuadr. 2005-14



En 2014 Santiago continúa a senda negativa de caída da demanda hoteleira rexistrada desde o 2011. Finalizado o Xacobeo en 2010 –cando Santiago rexistrou un máximo histórico con 321.000 pernoctacións nos catro primeiros meses– a cidade compostelá presenta unha forte caída en 2011 –do 20%– que continúa nos seguintes anos –con menor intensidade– presentando descensos do 6% en 2012, do 0,6% en 2013 e do 4,6% agora en 2014.

Tal circunstancia leva a que Santiago rexistre neste ano, con pouco máis de 227.000 nos primeiros catro meses, o nivel de pernoctacións hoteleiras máis baixo dos últimos 10 anos.


Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións. SANTIAGO - 1º Cuadr. 2014, por meses



A caída da demanda no primeiro cuadrimestre vén como consecuencia do mal comportamento rexistrado nos tres primeiros meses do ano, con caídas consecutivas rexistradas en xaneiro –do 10,5%–, febreiro –do 4,4%– e marzo –do 20,5% neste caso–. En abril, grazas á celebración da Semana Santa, Santiago mellora nun 14% os niveis de demanda do pasado ano amortiguando dalgunha maneira os datos negativos do primeiro trimestre.


DEMANDA - MERCADOS

Evolución da demanda nacional e estranxeira en SANTIAGO. 1º Cuadr. 2005-14



A caída da demanda prodúcese como consecuencia dos descensos rexistrados tanto no mercado nacional coma no internacional. O turismo procedente do conxunto do Estado acada neste ano un mínimo histórico con preto de 162.000 pernoctacións –perdendo máis de 8.000 en relación ao pasado ano, un 4,9%-. O turismo internacional descende tamén, un 3,7% neste caso, rexistrando pouco máis de 66.000 pernoctacións nos catro primeiros meses do ano –cifra que en todo caso queda por encima das rexistradas no período 2009-12.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. SANTIAGO, 1º Cuadr. 2014



Con 2,0 noites de media, a estadía nos hoteis e pensións de Santiago marca neste 2014 un mínimo histórico na cidade correspondente ao primeiro cuadrimestre.

Este descenso en relación ao pasado ano –cando se situaba en 2,07 noites- explica en boa medida a caída das pernoctacións na capital de Galicia.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. SANTIAGO, 1º Cuadr. 2014




A caída da demanda –do 4,6% en termos de pernoctacións- prodúcese nun contexto no que curiosamente se detecta un leve incremento da oferta –as prazas estimadas abertas soben un 2,5% en relación ao pasado ano-, circunstancia que leva a un descenso dos niveis de ocupación nos hoteis e pensións da cidade.

Cun 26,6% de ocupación media Santiago marca neste ano un mínimo histórico, quedando moi lonxe das cifras que se rexistraban con anterioridade á crise –por encima do 35%-.

Análise en destinos urbanos

VIGO


Evolución da demanda hoteleira na cidade de VIGO. 1º Cuadr. 2005-14



A cidade de Vigo continúa neste 2014 coa senda negativa iniciada en 2008 rexistrando caídas practicamente consecutivas da demanda hoteleira desde ese ano. O descenso máis acusado prodúcese en 2009 cando as pernoctacións descenderon un 19%. A partir dese ano mantense a tendencia negativa pero menos acusada levando a que neste ano a cidade olívica rexistre 120.000 pernoctacións –cifra que supón un mínimo histórico correspondente ao primeiro cuadrimestre-. Neste período de sete anos de caídas case consecutivas Vigo perdeu case a metade das pernoctacións hoteleiras –presenta en 2014 algo máis da metade das rexistradas en 2007-.

DEMANDA HOTELEIRA

Var. Int. Viaxeiros e Pernoctacións. VIGO - 1º Cuadr. 2014, por meses




O descenso do 11% rexistrando neste primeiro cuadrimestre vén como consecuencia do mal comportamento observado nos tres primeiros meses do ano, período no que Vigo presenta caídas do 25% en xaneiro e do 14% en febreiro e marzo.

En abril, co gallo da celebración da Semana Santa, os establecementos hoteleiros de Vigo presentan unha leve mellora do 4,6% - baixa en intensidade sobre todo en comparación co observado noutros destinos urbanos de Galicia-.


DEMANDA - MERCADOS

Evolución da demanda nacional e estranxeira en VIGO. 1º Cuadr. 2005-14




O descenso da demanda hoteleira en Vigo ten un carácter homoxéneo desde o punto de vista dos principais mercados. Tanto o turismo nacional coma o internacional presentan caídas neste ano –do 6,7% o primeiro e do 25,2% o segundo–, acadando ambos valores que supoñen mínimos históricos na cidade. O mercado nacional queda por vez primeira por debaixo das 100.000 pernoctacións mentres que o internacional sitúase en pouco máis das 25.000.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. VIGO, 1º Cuadr. 2014



A estadía media nos hoteis e pensións de Vigo sitúase neste ano en 1,8 noites, cifra similar á de anos anteriores se ben en sentido estrito se observa certa caída pouco relevante.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. VIGO, 1º Cuadr. 2014



O descenso da demanda hoteleira –do 11% medida en pernoctacións- prodúcese neste caso nun contexto de forte caída da oferta –as prazas estimadas abertas caen un 14%-. Tal circunstancia provoca neste caso un leve incremento da ocupación media nos hoteis e pensións da cidade de Vigo –sitúase no 24,8% neste primeiro cuadrimestre, porcentaxe que supera en 0,8 puntos o dato do pasado ano-.

Rómponse desta maneira a tendencia negativa de caídas rexistradas no período 2008-13 se ben neste caso a mellora prodúcese por un forte axuste da oferta nun contexto de descenso da demanda.

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – 1º Cuadrimestre 2014

galicia

